



EL OBISPO DE MONDOÑEDO-FERROL

Benqueridas autoridades, benqueridos irmáns sacerdotes, benqueridos irmáns e irmás todos:

Agradezo a ofrenda que acaba de realizar a Señora Alcaldesa de Mondoñedo, Dona Elena Candia. Ofrenda que se une a canto as boas xentes da diocese de Mondoñedo-Ferrol están dispostas a poñer da súa parte para arranxar o que neste mundo e nestas terras si cremos que ten arranxo. Somos persoas de palabra e de esperanza. Maiores, novos, nenos, familias enteiras, somos xente de palabra e de esperanza. Ofrecémonos todos, pois, para aportármo-lo mellor do noso ser e do noso obrar.

Ante a Virxe dos Remedios non caben indiferenzas, senón soamente compromisos. Ela é intercesora e avogada nosa ante o Omnipotente, acadando a axuda de Deus á nosa necesaria colaboración. Ela é nai e modelo dunha Igrexa que vela e prefire ós seus fillos necesitados: os que acoden sabedores de estar no corazón de Deus e da Virxe Nai, polo feito de seren e se sentiren en pobreza e necesidade. As que se dan contraditoriamente, nunha terra chea de recursos e de posibilidades que os instintos acaparadores, egoístas, caprichosos, impositivos, excluíntes e marxinadores fan que uns teñan demais, outros sexan privados do imprescindible, outros pacten coa mediocridade ou a indiferenza, outros menosprecen a vida humana e, en definitiva, sexa difícil vivir dende o amor, la dignidade e a fraternidade que nos ensina Xesucristo mellor ca ninguén.

O ano pasado expresei nesta festa a necesidade de esperanza. Hoxe a «esperanza» continúa a ser a palabra profética máis importante que podemos pronunciar en Mondoñedo-Ferrol, en Galicia, en España e no mundo enteiro, en calqueira circunstancia, e mais aínda se esta é de penuria ou risco.

Virmos ante a Nosa Señora dos Remedios con cada inqueda e con actitude oferente é un xesto de profunda esperanza. A ofrenda ante a Virxe dos Remedios é compromiso para que os bens e os valores da dignidade humana e cristiá cheguen a todos.

Dende moitas parroquias acercámonos a este santuario co corazón encollido que se quere ensanchar confiando na Nai. Cada persoa hoxe aquí móvese a esperanza para falarlle de corazón a corazón á súa Virxe dos Remedios, a que inspira comprensión porque foi traspasada por unha espada de dor.

Dela recibimos canto precisamos para sermos discípulos misioneiros. Ela danos a vida e a esperanza mesmas: danos ó seu Fillo Xesucristo. A Nosa Nai guíanos para vivirmos e obrarmos do mellor xeito posible na construción dun novo orde, dun reino de amor e perdón, de xustiza e verdade, de liberdade, de responsabilidade e respecto, de paz e concordia, de vida de abondo coma non coñece este mundo.

Si estamos dispostos a vivir deste xeito, temos que coñecer e asumir mellor os sentimentos e as actitudes de Cristo. Farémolo lendo, meditando e orando moito máis o Evanxeo de Xesús, celebrando con sentido os sacramentos da Igrexa, compartindo a fe en comunidade, levando unha vida coherente erguéndonos cantas veces faga falta e sendo persoas misericordiosas e samaritanas. Dons e tarefas que custan tanto como valen.

No verdadeiro encontro con Xesucristo, baixo o coidado de María Nai, darase a conversión que cada un de nós necesita e a acollida de todos no proxecto e no banquete do Reino. Este é o noso propósito diocesano: a transformación misioneira, indo ó esencial, ó importante, procurando o posible, froito do noso traballo e pedindo o imposible, que só pode vir de Deus.

A Santísima Virxe dos Remedios, patroa da diocese, axúdanos e axudaranos sempre a ser verdadeiros seguidores de Cristo, discípulos misioneiros, con fortaleza e alegría no Señor. Coa Nai de Deus, nosa Nai, formaremos comunidade, Igrexa, cidade luminosa, para experimentarmos, neste lugar de Deus que é Mondoñedo-Ferrol, un anticipo do mundo novo, do Reino, buscando a vontade de Deus e non o noso capricho. Pola nosa fe loitemos, esperemos e amemos para que así sexa.

✠ Luis Ángel de las Heras, cmf
Bispo de Mondoñedo-Ferrol